

ROTEIRO POLA SERRA DO COUREL

Seceda e a Cultura da Castaña

O punto de partida do roteiro será o fermoso lugar de **Seceda**. Trátase, xunto con Seara, Cortes e Froxán, dunha das aldeas medievais que foron restauradas nos anos 90 con axudas das administracións públicas. Seceda e Froxán están declaradas **Bens de Interese Cultural** (Lugares de Interese Etnográfico). Logo de visitar a particular arquitectura de Seceda e valorar o seu proceso de restauración, ascenderemos ao **Alto de Veiga de Arcas** (1100 m) percorrendo 3 km cunha pendente do 12%. Posteriormente, achegarémonos ao promontorio no que se sitúa o **Castro da**



Torre (séculos II-IV d.C.) descendendo 4 km cunha pendente do 10%. Tras a parada neste conxunto castrexo haberá dúas opcións. Os camiñantes máis cansos/as poderán desprazarse en bus ata **Ferreirós de Abaixo** e os máis ousados/as continuarán andando outros 3 km, reuníndose finalmente ambos na singular **taberna “O Pontón”**. Aquí remataremos a xornada co tradicional **magosto**, degustando as saborosas castañas courelás.

Lonxitude: 7 ou 10 km (segundo a opción escollida). Dificultade media-alta (debida ás pendentes).

DOMINGO, 30 DE OUTUBRO DE 2016

Xeral.....	15 €
Estudantes, xubilad@s e no paro.....	12 €
Soci@s.....	10 €
Ata 17 anos.....	5 €

O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 9.00 h.

Imprescindible anotarse chamando ao **679 113 718** ou ao **982 24 02 99**.

*Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño.
O bo humor é cousa de tod@s*

PRÓXIMOS ROTEIROS DE ADEGA LUGO

13 Novembro: Feiras e Castelos - Terras de Pambre
18 Decembro: O Berce do Miño - Pedregal de Irimia
22 Xaneiro: Os Pendellos da Feira - Castroverde
19 Febreiro: Os mosteiros das Fragas – Pontedeume

26 Marzo: Vides, adegas e batuxos - Chantada
23 Abril: Ferrarías e fornos – A Pontenova
21 Maio: A vida comunal – Nequeira de Muñiz
11 Xuño: Muíños do Picón e Folón – O Rosal





Mapa e perfil da ruta

ROTEIRO POLA SERRA DO COUREL

Seceda e a Cultura da Castaña

